

**PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO**  
I E S “ P i n o M a n s o ” O P o r r i ñ o



INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA “PINO MANSO”

RÚA ANTONIO PALACIOS, 76.

36400. O PORRIÑO (PONTEVEDRA)

TELÉFONO: 986-330220. FAX: 986-337230.

CORREO ELECTRÓNICO: [ies.pinomanso@edu.xunta.es](mailto:ies.pinomanso@edu.xunta.es)



## INDICE.

### INTRODUCCIÓN 4

#### 1. DESENVOLVEMENTO CURRICULAR. 5

- 1.1. Adecuación dos obxectivos ao contexto e ás características do alumnado. **5**
  - 1.1.1. Contexto sociocultural e características do alumnado.
  - 1.1.2. Obxectivos xerais adaptados ao contexto do centro.
- 1.2. Metodoloxía: directrices xerais. **7**
- 1.3. Criterios xerais de avaliación. **8**
  - 1.3.1. Avaliación inicial.
  - 1.3.2. Avaliación continua
  - 1.3.3. Instrumentos de avaliación
  - 1.3.4. Porcentaxes de cualificacións.
- 1.4. Criterios xerais sobre promoción e titulación. **9**
- 1.5. Atención á diversidade: liña xerais. **9**
- 1.6. Criterios para introducir a educación en valores nas materias. **11**
- 1.7. Criterios xerais para a elaboración de programacións. **11**
- 1.8. Proxecto lingüístico. **12**
- 1.9. Proxecto Lector. **12**
- 1.10. Plan de Integración das Tic. **12**
- 1.11. Plan de Convivencia. **12**
- 1.12. Orientación e Acción Titorial: liñas xerais. **13**
- 1.13. Plan específico para alumnos repetidores. **13**
- 1.14. Plan de atención do alumnado que no opta pola relixión. **13**

#### 2. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO. 13

#### 3. PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL. 13

- 3.1. Obxectivos de mellora dos resultados e redución do fracaso. **13**
- 3.2. Guía de intervención para a mellora a partir da avaliación de diagnóstico. **14**
- 3.3. Actividades complementarias e saídas educativas. **14**

#### 4. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS. 16

#### 5. COORDINACIÓN. 16

- 5.1. No centro educativo. **16**
  - 5.1.1. Funcións da CCP en relación co desenvolvemento curricular.
  - 5.1.2. Xestión por parte do equipo directivo.
- 5.2. Nos departamentos **18**
  - 5.2.1. Funcionamento

#### 6 INFORMACIÓN. 18

Do profesorado: Sobre a actividade docente. **18**

#### 7. AVALIACIÓN. 18

#### 8. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E REVISIÓN DO PEC. 19

- 8.1. Difusión. **19**
- 8.2. Seguimento. **20**
- 8.3. Avaliación. **20**
- 8.4. Revisión e mellora. **20**

## **INTRODUCCIÓN**

A comunidade escolar do IES Pino Manso, constituída polo alumnado, as familias, os/as docentes e orientadores/as, e o persoal de Administración e Servizos, constitúe unha comunidade de aprendizaxe que valora a diversidade persoal, cultural e social dos seus membros como contexto enriquecido no que desenvolver o seu labor, inmerso nun proceso continuo de adaptación e mellora para atender ás múltiples necesidades e expectativas cambiantes de todas as persoas que a conforman.

As relacións entre os seus membros baséanse no respecto, a axuda mutua e a responsabilidade compartida, na procura de metas comúns, nun marco de convivencia inclusivo e participativo que promova en todos os espazos e actuacións unha cultura e unha educación para o diálogo e a paz.

## 1. DESENVOLVEMENTO CURRICULAR


Como centro de carácter público, no IES Pino Manso, o labor educativo estará presidido por un principio de neutralidade ideolóxica, que rexeita calquera tipo de adoutrinamento e sectarismo. Nel promoverase a educación en igualdade de sexos, a xustiza, a liberdade e a solidariedade. Primará o principio de inclusión con rexeitamento de calquera tipo de discriminación, por razón de sexo, raza, nacemento, capacidade económica, convicións políticas ou relixiosas, así como por calquera tipo de discapacidade física ou psíquica. Fomentarase tamén unha convivencia que teña presente a valoración da paz, o respecto pola dignidade humana e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, tanto física como verbal. En definitiva unha formación integral e integradora que prepare ao alumnado para unha vida persoal, profesional e social plena.

### 1.1. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS AO CONTEXTO E ÁS CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO.

#### 1.1.1. Contexto sociocultural e características do alumnado.

O IES Pino Manso atópase situado no espazo urbano da vila do Porriño, nunha zona industrializada que comezou a fraguarse a finais do século XIX coa apertura en 1881 da liña do ferrocarril Ourense – Vigo. A case totalidade do alumnado da ESO procede da zona urbana da vila do Porriño e das parroquias de Atios e Cans. Nos cursos de bacharelato a procedencia amplíase a parte das parroquias do termo municipal e aos concellos veciños, en especial Mos e Salceda de Caselas. O alumnado da ESO procedente das parroquias citadas emprega o transporte escolar.

Pirámide de tipo regresivo, que amosa unha poboación envellecida, froito dunha natalidade baixa e unha esperanza de vida alta, se ben, no tramo de 0 a 4 anos percíbese unha lixeira recuperación da natalidade.



No ano 2013 a poboación do Concello do Porriño ascendía a 18.908 habitantes, dos que 9.569 eran mulleres e 9.339 homes. Dese total, 1.195 situábanse no tramo entre 10 e 19 anos. A maioría da poboación activa traballa nos sectores secundario e terciario. A industria, beneficiada

coa chegada do ferrocarril, comeza a consolidarse nas primeiras décadas do século XX, coa inauguración en 1928 do matadoiro de MARUCOGA (hoxe Frigolouro-Coren) e coa constitución en 1939 de Zeltia S.A., a primeira gran empresa química galega. O Instituto Nacional de Bacharelato, así se chamaba o noso centro, inicia a súa vida en 1966 nese escenario de progresiva industrialización. O edificio levantouse por iniciativa dun grupo de entusiastas porriñeses vinculados a estas e outras empresas de José Fernández López, que apoiou economicamente a iniciativa, tanto na adquisición do terreo, como no proceso construtivo.

O crecemento industrial mantívose no tempo para incrementarse coa concesión na década de 1960 do “Polo de Desarrollo Industrial de Porriño”, que xerou o polígono das Gándaras. Tempo despois complementouse con outro gran espazo industrial: o polígono da Granxa. No ano 2012 no termo municipal estaban instaladas 38 empresas de máis de cincuenta empregados cada unha. Delas cinco tiñan máis de 250 asalariados. Cun número de empregados que varía entre dez e cincuenta existían 161 empresas e con menos dez un total de 1.441. De todas elas, un 70% dedícanse ao sector servizos, un 16% á industria e un 14% á construción ou similares.



A maioría do alumnado da ESO procede do núcleo urbano do Porriño e das parroquias de Atios e Cans. No bacharelato a orixe é máis variada, ampliándose ás parroquias do termo municipal e concellos de Mos e Salceda de Caselas.

O concello conta cun número elevado de inmigrantes, computándose no ano 2013 un total de 1.137 estranxeiros. Este dato ten especial incidencia no IES *Pino Manso* cun porcentaxe alto de alumnado de procedencia foránea: Marrocos, Arxentina, Venezuela, Uruguai, Brasil, Romanía, etc. Este alumnado necesita unha atención especial, sobre todo o procedente dos países do leste de Europa, china e Marrocos, posto que o coñecemento das linguas galega e castelá é nulo. Necesitan tamén apoio para integrarse educativa e socialmente na comunidade escolar, como máis adiante se detalla.

Nos últimos anos son evidentes os efectos da profunda crise económica, que afectou a diversas empresas, en especial ás relacionadas co granito, dada a súa relación co mundo da construción. En setembro de 2014 o número de desempregados era de 2.315 persoas, das que un 7% son menores de 25 anos. Do total de parados, un 57 % son mulleres e un 43 % homes. A maioría da poboación parada procede do sector servizos (56,3%) e outra parte importante da

industria (21,3 %) e da construción (9,7%). Con todo, en setembro de 2014 os municipios do Porriño (15,4 %) e Mos (17,8%) presentan unha taxa de paro inferior aos da contorna, incluída a cidade de Vigo<sup>1</sup>

### 1.1.2. Obxectivos xerais adaptados ao contexto do centro.

Tendo en conta as particularidades do centro e as circunstancias sociais, culturais, económicas do noso alumnado, fíxanse como obxectivos xerais.

- Propiciar unha convivencia, respectuosa, democrática e participativa entre todos os membros da comunidade educativa.
- Potenciar un clima de cálida acollida ao alumnado de nova incorporación, en especial ao inmigrante, co fin de facilitarlle unha rápida integración no centro e na vida social exterior.
- Progresar no uso da lingua galega, como un ben cultural propio da nosa comunidade.
- Acrecentar o desenvolvemento da personalidade e das capacidades individuais do alumnado.
- Potenciar o traballo en grupo e en equipo, a colaboración entre o alumnado e a aprendizaxe cooperativa.
- Fomentar hábitos de traballo, de esforzo e responsabilidade no alumnado.
- Incrementar o uso de novas tecnoloxías da información e da comunicación que lle permitan ao alumnado progresar autonomamente e ir construído o seu coñecemento.
- Desenvolver as capacidades creativas e o espírito crítico.
- Establecer programas de corrección e prevención de dificultades, a partir do estudio dos resultados educativos e das probas de diagnóstico.
- Asegurar a comprensión das Normas de Convivencia, como documento base que permite mellorar a vida cotiá no centro en todos os seus aspectos.
- Fomentar o respecto e a igualdade de dereitos e deberes entre alumnas e alumnos.
- Adoptar medidas formativas, xustas e equitativas, na corrección de faltas de comportamento.
- Fomentar a participación e colaboración de todos os membros da comunidade educativa.
- Fomentar accións e hábitos de hixiene persoal e limpeza do centro como valor singular da educación medioambiental e do respecto do traballo alleo, en especial dos servizos de limpeza.

### 1.2. METODOLOXÍA: DIRECTRICES XERAIS

Con carácter xeral adoptaranse as seguintes directrices metodolóxicas.

- Aprendizaxe a través de métodos de indución, experimentación e dedución, que promova no alumnado unha actitude investigadora e empírica.

---

<sup>1</sup> Fontes para os datos demográficos e económicos: Instituto Nacional de Estadística, Instituto Galego de Estadística, SEPE, Información Municipal.

- Metodoloxía construtivista que facilite a consecución de aprendizaxes significativos. Nesa concepción o alumnado será protagonista do seu proceso de aprendizaxe e da construción



do coñecemento que responderá a unha asimilación comprensiva.

- Aprendizaxe en equipo e en pequeno e gran grupo, coa incorporación de novas metodoloxías, como a “aprendizaxe cooperativa”, “aprendizaxe por proxectos (disciplinares, interdisciplinares, multicompetenciais...)”, “desenvolvemento de centros de interese” e outros similares. Metodoloxías que favorecen un menor espírito competitivo entre o alumnado e o fomento de valores como o traballo en equipo e colaboración.
- Metodoloxía que atenda á diversidade do alumnado con medidas que faciliten a individualización do ensino en grupos reducidos con actividades diferenciadas, materiais adaptados ás necesidades e características do alumnado, adaptacións do currículo, materiais específicos e adaptacións de currículo e/ou de metodoloxía.
- Metodoloxía que fomente a creatividade e as manifestacións da propia iniciativa.
- Ensino motivador que contemple os intereses, necesidades e expectativas do alumnado.
- Ensino que emprega as tecnoloxías da información e comunicación como recurso para comunicarse e interactuar, alcanzar obxectivos, adquirir competencias e desenvolver unha actitude crítica e reflexiva ante a información recibida.

### **1.3. CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN**

#### **1.3.1 Avaliación inicial.**

Levarase a cabo ao inicio de cada curso, con especial atención ao alumnado que comeza a etapa de Educación Secundaria Obrigatoria.

- Debe avaliar os niveis mínimos alcanzados polo alumnado para poder seguir sen problemas as ensinanzas do nivel no que se atopa.
- Debe servir para adaptar a programación ás características do grupo e as persoas e individualizadas de cada alumno/a.

#### **1.3.2. Avaliación continua**

O proceso de avaliación será continuo, determinará o grado de cumprimento dos obxectivos propostos nas programacións didácticas de cada materia. Nese sentido o referente para valorar esta consecución será os criterios de avaliación fixados en cada programación didáctica. Contemplará os seguintes aspectos:

- Avaliación dos contidos adquiridos, propios do currículo de cada nivel.
- Avaliación do nivel de consecución de competencias.
- Coherencia entre os instrumentos de avaliación e as competencias básicas.
- Avaliación do esforzo persoal e do traballo realizado polo alumnado nas diferentes materias.
- Avaliación do interese e compromiso manifestado polo alumnado tanto nas actividades de aula, como nas actividades complementarias e nas saídas escolares.
- Avaliación do grao de implicación no grupo e de actitudes de participación nos procesos de colaboración e de aprendizaxe cooperativa.
- Avaliación das secuencias de aprendizaxe seguidos polo alumnado e dos procesos de enseñanza desenvolvidos na aula. Análise das dificultades atopadas no proceso de aprendizaxe. Valoración das medidas de corrección aplicadas. Modificación da práctica docente en función dos resultados.



### **1.3.3. Instrumentos de avaliación**

- Probas ou exames escritos. Nelas deberá constar a puntuación que recibe cada pregunta.
- Probas orais para valorar o grado de fluidez na exposición de traballos, coñecementos e nivel de competencias.
- Probas interactivas, facilmente aplicables ao estar o noso centro no proxecto ABALAR, ademais de contar coa dispoñibilidade da Aula virtual.
- Probas de competencias cunha estrutura similar ás probas de diagnóstico.
- Control de actividades escritas (tarefas realizadas dentro e fora da aula, cadernos de traballo, producións individuais e colectivas, informes de actividades experimentais, diarios e portafolios).
- Anotación e control do grado de consecución de competencias.
- Anotación e rexistro das actividades realizadas.
- Anotación e control de actividades realizadas en formato dixital.
- Rexistros de observación sobre o interese, participación, compromiso, esforzo, traballo, e intervencións manifestado polo alumnado na aula.
- Formularios de seguimento e control do traballo en grupo ou equipo, da aprendizaxe cooperativa, e das etapas, tarefas e produtos do traballo por proxectos.
- Anotación de datos da condutas, asistencia, corrección no trato con todos os membros da comunidade educativa, coidado do material propio e alleo das aulas e das instalacións do centro.
- Utilización de rúbricas para a avaliación de tarefas, produtos, proxectos...
- Uso de portafolios como estratexias de reflexión, seguimento e avaliación do proceso de aprendizaxe.
- Probas de coavaliación e autoevaluación do alumnado.

### **1.3.4. Porcentaxes de cualificacións.**

Cada departamento fará constar na programación didáctica as porcentaxes de valoración das probas ou rexistros do alumnado recollidas nas aulas, tanto no relativo aos coñecementos, participación, asistencia, así como o nivel de competencias adquirido.

### **1.4. CRITERIOS XERAIS SOBRE PROMOCIÓN E TITULACIÓN**

Aplicaranse en cada momento os fixados na lexislación vixente.

### **1.5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: LIÑAS XERAIS.**

#### **AGRUPAMENTOS ESPECÍFICOS**

Medida ordinaria proposta polo equipo docente e argumentada polo departamento de orientación coa autorización do pai, nai ou titor legal que facilita ao alumnado poder acadar os obxectivos de etapa mediante a organización en pequenos grupos, recibindo unha ensinanza máis directa e individualizada que facilite a obtención do título en educación secundaria obrigatoria.

#### **PDC (PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR)**

Medida extraordinaria proposta polo equipo docente e argumentada polo departamento de orientación coa autorización do pai, nai ou titor legal, aplicada a aquel alumnado que, tras a

oportuna avaliación, precise dunha organización dos contidos, actividades prácticas e materiais do currículo diferentes aos establecidos con carácter xeral e dunha metodoloxía específica para conseguir os obxectivos e competencias básicas da etapa e o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

#### **REFORZO EDUCATIVO**

Medida extraordinaria de atención á diversidade que se encamiña ao alumnado que presenta dificultades temporais na súa aprendizaxe. Pretende facilitar a continuidade do proceso ordinario de aprendizaxe mediante o reforzo das técnicas instrumentais básicas, dos coñecementos elementais, das técnicas de traballo e estudo, e das formas de organizar o tempo e o traballo. Pode afectar á secuencia de contidos, aos instrumentos de avaliación, ao agrupamento do alumnado e a organización da aula.

#### **APOIO INDIVIDUALIZADO**

Medida extraordinaria de atención ao alumnado que amosa dificultades específicas nalgún dos aspectos do proceso ensino aprendizaxe. Dirixida ao alumnado con dificultades temporais ou permanentes para mellorar as capacidades, habilidades e destrezas (lingüísticas, sociais, memorísticas, de atención, ou doutra natureza) é para adquisición de contidos curriculares fundamentais que lles permita unha mellor inclusión nas aulas.

#### **ACI (ADAPTACIÓN CURRICULAR INDIVIDUALIZADA)**

Medida extraordinaria de atención á diversidade que afecta ao currículo nos obxectivos, contidos e criterios de avaliación. Dirixida ao alumnado que non poder seguir o proceso ordinario de aprendizaxe por padecer necesidades educativas especiais derivada dunha discapacidade, dun trastorno grave de conduta, dunha situación social ou familiar desfavorecida... que afectan ao seu rendemento escolar. Permite modificacións do currículo de referencia. Permite ao alumnado avanzar no proceso de ensino segundo as súas posibilidades e tendo en conta as súas limitacións.

#### **PCPI 2 (PROGRAMA DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL) ÚLTIMO CURSO. 2014-2015.**

Medida extraordinaria aplicada a aqueles alumnos de educación secundaria obrigatoria con dificultades ou desfases na súa aprendizaxe que poden pór en risco a consecución das competencias básicas e dos obxectivos previstos e, como consecuencia, a obtención da titulación correspondente. Malia tales dificultades, este alumnado posúe capacidades que compoñen a través de medidas educativas específicas para poder finalizar a súa escolarización en condicións de desenvolvemento persoal e inclusión social satisfactorias, sen as cales probablemente teña que afrontar unha situación laboral de precariedade debido á falta de cualificación e de titulación.

#### **F.P. BÁSICA (FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA)**

Medida proposta polo equipo docente mediante informe argumentado emitido polo departamento de orientación e autorizado polo pai, nai ou titor legal para aquel alumnado que tendo 15 ou 16 anos e despois de cursar o primeiro ciclo de educación secundaria, non acadou os obxectivos mínimos establecidos nas programacións e amosa capacidades para o desenvolvemento nas ensinanzas de formación profesional o que posibilitará á obtención dos

títulos profesionais básicos.

### **1.6. CRITERIOS PARA INTRODUCIR A EDUCACIÓN EN VALORES NAS MATERIAS.**

A incorporación de valores potenciará no alumnado o exercicio da cidadanía con participación na vida social, cultural e económica dende unha perspectiva dialogante, respectuosa, democrática e solidaria. Nese sentido a educación en valores abarcará á dimensión persoal do alumnado e as súas relacións co mundo exterior. Valores que estarán presentes á hora de abordar as diversas materias:

- Respecto pola diversidade física e psíquica, á doutras culturas, pluralismo, rexeitamento de calquera tipo de discriminación por raza, relixión, clase social ou calquera outra.
- Liberdade de conciencia, de pensamento, de elección, de estilo de vida.
- Responsabilidade e autonomía persoal ou capacidade de responder dos actos propios e cumprir as obrigas, tanto individuais como colectivas.
- Equidade nas relacións entre o alumnado, nas oportunidades e na inclusión educativa.
- Solidariedade activa ou convicción de que a axuda aos demais debe plasmarse en actuacións concretas e nun compromiso social e persoal.
- Colaboración e cooperación vinculada ao traballo en equipo, no que tamén estarán activos outros valores como a comprensión das necesidades e singularidades das persoas, o recoñecemento e a posta en valor dos compañeiros, o respecto ao traballo alleo e a responsabilidade.
- A xustiza e paz, canalizando os conflitos pola vía do diálogo e fomentando o consenso nas normas e nas tomas de decisións. Actitudes dialogantes, solidarias, xustas e pacíficas.
- Decoro persoal, que se incorporará ás materias correspondentes cos fundamentos da importancia da hixiene, tanto no aspecto individual como no social.
- Conciencia ecolóxica que valore a limitación dos recursos naturais.
- Educación para o consumo e para a saúde, que se resaltarán nas materias correspondentes cos fundamentos dunha alimentación saudable e dun beneficioso exercicio.

### **1.7. CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DE PROGRAMACIÓNS.**

Cada departamento presentará a programación nun modelo único que seguirá os criterios marcados pola inspección educativa, incluíndo:

- Obxectivos do curso.
- Competencias básicas.
- Contidos secuenciados e temporalizados.
- Mínimos esixibles.
- Orientacións metodolóxicas.
- Criterios de avaliación.
- Criterios de cualificación.
- Procedementos e instrumentos de avaliación.
- Materiais e recursos didácticos.
- Programa de recuperación de pendentes.
- Tratamento e fomento da lectura.

- Contribución ao plan de convivencia.
- Actividades complementarias e extraescolares.
- Medidas de atención á diversidade.
- Tratamento e fomento das TIC.
- Programación da educación en valores.

### **1.8. PROXECTO LINGÜÍSTICO.**

Constituindo o dominio da lingua un elemento esencial para o desenvolvemento do proceso educativo, o proxecto lingüístico do centro deberá incluír:

- Obxectivos xerais para o fomento da lingua galega.
- Liña de actuación para o fomento da lingua galega.
- Lingua na que se impartirán as materias.
- Medidas adoptadas para o alumnado que non teña suficiente dominio das linguas.
- Actividades para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita as dúas linguas oficiais.
- Estratexias de aprendizaxe empregadas para que o alumnado logre a competencia nas dúas linguas.
- Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados no curso anterior.
- Información e valoración do programa de actividades para o fomento e dinamización da lingua galega a desenvolver no curso seguinte.

### **1.9. PROXECTO LECTOR**

A consolidación do hábito lector constitúe unha das prioridades do centro. Nese sentido mantense a potenciación da biblioteca, cun equipo de profesores encargados de dinamizar as actividades relacionadas coa lectura. Entre elas o servizo de préstamo, o club de lectura, as campañas de animación, a “hora de ler” e outras que se detallan no Proxecto Lector que se inclúe como anexo II.

### **1.10. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC.**

O plan de integración da TICs recollerá como obxectivos:

- Formar ao alumnado no uso responsable das TICs.
- Desenvolver unha actitude activa no alumnado fomentando a súa implicación nas tarefas.
- Mellorar a atención á diversidade grazas a variedade de recursos que afectan ás TICs.
- Potenciar a educación en valores.
- Mellorar a atención que se presta ao alumnado e as familias.
- Crear un banco de datos que actúe como centro de recursos educativos.

Cada departamento incorporará, na medidas das súas necesidades, e sempre en función da mellora da calidade do ensino, aquelas ferramentas informáticas e tecnolóxicas que considere máis axeitadas.



### **1.11. PLAN DE CONVIVENCIA**

A convivencia é un factor esencial do bo funcionamento do centro, polo que require o compromiso e implicación de toda a comunidade educativa. O Plan de Convivencia permite abordar os conflitos propios das relacións humanas que se establecen no centro, así como concienciar a toda comunidade educativa da importancia da comprensión e do respecto nesas relacións. Tamén dos beneficios que produce para todo o centro a resolución pacífica dos conflitos. O plan de convivencia aparece desenvolvido no anexo

### **1.12. ORIENTACIÓN E ACCIÓN TUTORIAL: LIÑAS XERAIS.**

No proceso orientador considérase a educación como un dereito que vai máis alá da instrución, para contemplar outros aspectos da vida do alumnado. Nese sentido, a labor de orientación educativa do centro perseguirá o desenvolvemento pleno e integral do alumnado e atenderá os aspectos educativos e intelectuais, así como os afectivos, sociais, psíquicos e físicos. O desenvolvemento do proxecto orientador aparece recollido no anexo.

### **1.13. PLAN ESPECÍFICO PARA ALUMNOS REPETIDORES**

Deberá aparecer contemplado nas programacións realizadas por cada un dos departamentos educativos.

### **1.14. PLAN DE ATENCIÓN DO ALUMNADO QUE NO OPTA POLA RELIXIÓN.**

As actividades educativas alternativas irán destinadas ao alumnado que non solicitou o ensino de relixión. A normativa indica que “A devandita atención, en ningún caso, comportará a aprendizaxe de contidos curriculares asociados ao coñecemento do feito relixioso nin a calquera área da etapa” (Decreto 133/2007, do 5 de xullo). As actividades non poden ser dedicadas a reforzar outras materias nin a tarefas de tutoría ou de Orientación. Na programación destas actividades teranse en conta, cando menos, os seguintes puntos:

- Estarán axeitadas á idade do alumnado.
- Deben ter un contido e unha intencionalidade educativa.
- Serviranse de estratexias metodolóxicas adecuadas.
- Buscarán xerar hábitos, técnicas de traballo, estratexias de estudo, destrezas básicas, etc.
- Poderán gardar relación coa potenciación de valores.
- Potenciarán o fomento da lectura.
- Serviranse, se é oportuno, da celebracións de efemérides e tamén de acontecementos relevantes de actualidade, así como de cuestións de carácter social: labor humanitaria das ONGs, discriminación e exclusión social.
- Poderán orientarse cara á obradoiros (revista escolar, obradoiro de prensa, fotografía, cine, xadrez...)

Estas programacións estarán incluídas dentro das programacións didácticas dos departamentos aos que lles correspondan.

## **2. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO.**

As normas de organización e funcionamento recóllense no anexo.

### **3 .PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL.**

#### **3.1. OBXECTIVOS DE MELLORA DOS RESULTADOS E REDUCIÓN DO FRACASO.**

- Mellorar a porcentaxe do alumnado que obtén o título de Graduado en Secundaria.
- Enriquecer a expresión oral e escrita de todo o alumnado nas linguas galega e castelá.
- Progresar no compromiso do alumnado por alcanzar hábitos de responsabilidade, convivencia, e respecto a todos os membros da comunidade escolar.
- Potenciar a participación dos delegados de aula en cuestións relacionadas co centro (saídas e actividades complementarias, comunicación de iniciativas, queixas, o outros asuntos do seu interese).
- Progresar no desenvolvemento da idea de que o centro é un ben común, polo que se debe respectar o material, as dependencias e a limpeza do interior e contorna do centro.
- Mellorar entre o alumnado o coñecemento e funcionamento dos seus órganos de participación.
- Incrementar a comunicación do centro educativo coas familias.
- Potenciar a participación dos pais e nais nos órganos colexiados do centro, así como a súa asistencia ás reunións convocadas.

#### **3.2. GUÍA DE INTERVENCIÓN PARA A MELLORA A PARTIR DA AVALIACIÓN DE DIAGNÓSTICO**

Trala análise e valoración dos resultados das probas de diagnóstico, concretaranse nunha guía o deseño e organización das medidas de corrección, as estratexias e criterios da intervención. Nesa análise contemplaranse as fortalezas e debilidades, co fin de manter algunhas accións ou incluír outras novas. Na elaboración de medidas e propostas deben contemplarse os seguintes criterios:

- Prioridade do básico sobre o accidental.
- Seleccionar propostas de mellora que afecten a diversas materias e amplo número de profesoras/es e alumnas/os.
- Coordinación dos diversos departamentos.
- Prioridade de accións que teñan amplo consenso.
- Procura de medidas que sexan estables.
- Incorporación de variados recursos didácticos e materiais.

O desenvolvemento desta guía de intervención aparece recollido no anexo.

#### **3.3. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E SAÍDAS EDUCATIVAS.**

A formación do alumnado complétase cun programa de actividades complementarias e saídas educativas relacionadas coas materias e contidos que se traballan nas aulas. Tamén se programarán actividades que poñan en contacto ao alumno con diversas manifestacións culturais, artísticas, tecnolóxicas e sociais.

A celebración das “Xornadas de Actividades” é unha tradición consolidada neste centro educativo. Nela agrúpanse unha parte das saídas educativas e das actividades complementarias programadas para cada curso. Lévese a cabo na semana anterior ás vacacións de Semana Santa. Nestes días o horario habitual do alumnado e do profesorado poderá ser modificado para

atender ás actividades programadas. O profesorado asumirá a supervisión e custodia das actividades que lle asigne o equipo directivo.

Correspóndelle á vicedirección coa colaboración do resto do equipo directivo a organización das actividades complementarias e extraescolares que afecten ao conxunto do alumnado, así como a celebración de certas datas como o Entroido, do Magosto e outras conmemoracións. As saídas educativas e actividades complementarias ligadas a cada materia ou grupo de materias serán programadas polo departamento correspondente, que achegará as propostas á vicedirección, co fin de coordinalas e propolas para a súa aprobación no Concello Escolar.

Os departamentos elaborarán a programación de visitas escolares e actividades complementarias seguindo os seguintes criterios:

- As actividades poden ser programadas para realizar no exterior ou no propio centro.
- As actividades programadas gardarán relación coas materias e contidos que se traballan en cada nivel e materia.
- As actividades poderán estar vinculadas aos contidos transversais propostos e ter un carácter interdisciplinar.
- As actividades complementarias poderán vincularse á formación do alumnado en cuestións que poidan afectar a súa vida persoal: problemas da drogadicción ou consumo abusivo do alcohol, educación viaria, problemas na convivencia social e outros temas de interese social para a educación da xuventude.
- Os departamentos distribuirán as actividades polos distintos niveis e cursos, tanto as que se realicen no centro, como no exterior.
- A participación e compromiso do alumnado ten que acadar uns mínimos que permitan a realización da actividade ou saída, tanto nos aspectos organizativos, como na propia viabilidade económica.

#### **Tipos de actividades e saídas:**

- Festas colectivas ou conmemorativas.
- Formación persoal: conferencias e cursos.
- Exposicións.
- Competicións lúdicas e educativas.
- Concursos exteriores e internos.
- Saídas educativas.
- Intercambios educativos.
- Calquera outra que teña interese educativo.
- Obradoiros e talleres experimentais.

As actividades complementarias realizadas en horario lectivo- dentro ou fora do centro- que non teñen custo económico algún para o alumnado, son de obrigada asistencia para o alumnado. O profesorado correspondente deberá acompañar aos seus grupos durante a realización destas.



#### **4. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS**

Tarefa significativa dos departamentos é a elaboración da programación didáctica anual que debe realizarse tendo en conta os aspectos do deseño curricular e criterios xerais citados no punto 1.7. deste documento. Ademais cada departamento debe acordar unha serie de criterios unitarios que afectarán a todas as materias e abarcarán:

- Aspectos metodolóxicos comúns.
- Procedementos e instrumentos de avaliación comúns.
- Criterios de cualificación comúns a todo o departamento.
- Aspectos comúns de atención á diversidade.
- Coherencia do programa de actividades complementarias e extraescolares.
- Criterios comúns para a recuperación do alumnado con materias pendentes.

#### **5. COORDINACIÓN.**

Os constantes cambios sociais xeran novas demandas que requiren respostas dun modelo de orientación inclusivo, integrado no propio centro, que preste atención á diversidade da comunidade educativa. A atención do profesorado ao alumnado e as súas familias; os cambios nos modelos familiares e nas formas de relación familiar, con cambios de autoridade no seo das familias; a crecente presenza de alumnado inmigrante, os desniveis económicos, e as novas demandas da sociedade, fan necesaria a potenciación dunha educación en valores tales como a solidariedade e o respecto ao diferente que esixen de pautas adecuadas de convivencia. O traballo en equipo do profesorado e dos profesionais non docentes deberá reforzarse nesta atención á diversidade. Así, a coordinación constitúese ferramenta fundamental no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

##### **5.1. NO CENTRO EDUCATIVO.**

##### **5.1.1. Funcións da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) en relación co desenvolvemento curricular.**

A Comisión de Coordinación Pedagóxica permite poñer en relación ás distintas áreas ou materias curriculares en torno a un proxecto educativo común, facilitando a coherencia no deseño dos contidos, obxectivos e competencias que se perseguen en cada unha. Complementarase coas coordinacións do Departamento de Orientación que entre outras funcións exercerá a mediación na labor educativa docente aportando indicadores e pautas para o desenvolvemento da acción tutorial e as medidas de atención á diversidade e, coa coordinación dos Equipos Docentes que representan o ámbito de coordinación máis próximo á acción educativa, porque implica a colaboración de todos os seus integrantes no seguimento global do alumnado para previr os problemas de convivencia e aprendizaxe, así como a realización e establecemento das medidas necesarias para a súa mellora, sendo o profesorado titor o encargado de asumir a coordinación en cada caso.

A CCP, entre outras funcións:



- Elevará propostas ao claustro co fin de establecer os criterios para a elaboración dos proxectos curriculares.
- Velará para que a elaboración dos proxectos curriculares de etapa nos que se incluíra o plano de orientación académica e profesional e o de acción tutorial se axuste á normativa.
- Asegurará a coherencia entre o proxecto educativo do centro, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual.
- Establecerá as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos departamentos, do plan de orientación académica e profesional, do plan de acción tutorial, así como das adaptacións curriculares e dos programas de diversificación curricular incluídos no proxecto curricular.
- Proporá ao claustro de profesores os proxectos curriculares para a súa aprobación.
- Velará polo cumprimento e posterior avaliación dos proxectos curriculares de etapa.

### **5.1.2 Xestión por parte do equipo directivo.**

Atenderase en cada momento á normativa vixente.

O equipo directivo, tendo en conta os recursos materiais e humanos de que dispón en cada momento, organizará e xestionará a vida académica e dos servizos do centro.

#### **A Dirección e tendo en conta os recursos humanos:**

- Exercerá a xefatura de todo o persoal adscrito ao centro.
- Xestionará os medios humanos, dinamizando os distintos sectores e buscando canles de comunicación e colaboración.
- Será garante do cumprimento da normativa no centro.

#### **A Secretaría:**

- Coordinará, dirixirá e supervisará, por delegación da dirección, a actividade e funcionamento do Persoal de Administración e Servizos adscrito ao centro.
- Organizará a xornada laboral do PAS en función das necesidades organizativas do centro, velará polo seu cumprimento e poñerá en coñecemento da dirección calquera incidencia que altere o normal funcionamento do centro.
- Velará polo cumprimento da xornada deste persoal poñendo en coñecemento do director calquera incumprimento. O director comunicará, a través dun procedemento semellante ao fixado para o persoal docente, as incidencias relacionadas co cumprimento do horario.

#### **A Xefatura de Estudos:**

- Exercerá, por delegación da dirección e baixo a súa autoridade, a xefatura do persoal docente en todo o relativo ao réxime académico.
- Elaborará, en colaboración cos restantes órganos unipersoais, os horarios académicos do alumnado e o profesorado de acordo cos criterios aprobados polo claustro e co horario xeral incluído na PXA, así como velará polo seu estrito cumprimento.
- Establecerá mecanismos para corrixir as ausencias imprevistas do profesorado, atención do alumnado accidentado ou calquera outra eventualidade que incida no centro.
- Coordinará a actividade das xefaturas de departamentos, profesorado titor, coas achegas do departamento de orientación.



- Coordinará a participación do profesorado en actividades de perfeccionamento así como planificará as actividades de formación realizadas no centro.
- Coordinará a actividade docente do centro.

### A Vicedirección:

- Substituír ao director en caso de ausencia ou enfermidade.
- Organizar, conxuntamente co Director e Xefe de Estudos, os actos académicos
- Coordinar a realización das actividades complementarias e extraescolares, segundo as directrices aprobadas polo Consello Escolar do instituto.
- Coordinar, se é o caso, o Programa de Formación en centros de traballo do alumnado.
- Aquelas funcións que o Director lle encomende, dentro do ámbito da súa competencia.

## 5.2. NOS DEPARTAMENTOS

Cada departamento estará integrado por todos os profesores das materias propias ou afíns ao mesmo. No centro funcionarán os departamentos didácticos de Lingua Galega, Lingua Castelá, Ciencias Naturais, Educación Plástica e Visual, Educación Física, Filosofía, Matemáticas, Física e Química, Francés, Xeografía e Historia, Inglés, Latín e Grego, Relixión, Tecnoloxía, Economía, Música, FP. Básica e Orientación.

### 5.2.1. Funcionamento

- As reunións mínimas serán as marcadas na lexislación vixente.
- Redacción de acta en cada unha das reunións.
- Análise do desenvolvemento das programacións didácticas, proponendo, de selo caso, as medidas de mellora convenientes.
- Análise dos resultados de avaliación do alumnado coa introdución das modificacións oportunas.
- Aplicación do protocolo de reclamación de notas segundo a normativa vixente.
- Resolver en primeira instancia ás reclamacións ao resultado do proceso de avaliación presentadas polo alumnado. Elaborar e emitir os informes pertinentes.
- Realizar a estatística de reclamacións ás cualificacións finais de cursos, con expresión das aceptadas e das rexeitadas.
- Organización do traballo académico e realización das probas necesarias para o alumnado con materias pendentes.
- Colaborar no deseño e aplicación das medidas de atención a diversidade.
- Propor a distribución das materias entre o profesorado do departamento atendendo a criterios pedagóxicos e de acordo co reparto horario e directrices establecidas na normativa vixente.
- Propor os libros de texto e materiais didácticos complementarios.
- Establecer a programación de actividades complementarias e saídas educativas.
- Informar ao alumnado dos obxectivos de cada materia e dos criterios e procedementos de avaliación.
- Estudar e debater os temas que se tratarán nas reunións da CCP.

- Establecer as programacións didácticas das materias que lles competen.

## 6. INFORMACIÓN

### 6.1. DO PROFESORADO: SOBRE A ACTIVIDADE DOCENTE

O profesorado deberá achegar información sobre as incidencias na actividade docente. Nese sentido deberá:

- Informar ao profesorado titor sobre as actividades docentes, evolución académica do alumnado, traballo, comportamento e outros temas de interese.
- Levar control diario das faltas de asistencia do alumnado e introducir esas incidencias, xunto ás faltas de puntualidade, no programa Xade da Xunta de Galicia.
- Proporcionar información ao alumnado sobre dereitos e deberes.
- Rexistrar e comunicar condutas contrarias ás normas de convivencia.

## 7. AVALIACIÓN

No proceso de avaliación recolleranse os seguintes aspectos:

- Adecuación dos obxectivos, contidos e criterios ás características do alumnado.
- Metodoloxía didáctica.
- Medidas de atención á diversidade aplicadas.
- Grao de cumprimento da programación.
- A organización da aula e o aproveitamento dos recursos do centro.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación do alumnado.
- Os criterios de cualificación.
- Adopción de medidas de mellora a partir dos datos das avaliacións.
- Grao de desenvolvemento das competencias básicas.

## 8. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E REVISIÓN DO PEC

Dende as novas perspectivas de calidade educativa as propostas de cambio focalízanse cara un plan de progreso que abrangue todos aqueles aspectos do centro que se van ver alterados, dentro dunha estratexia de mellora continua. Aínda que o PEC é un dos documentos máis sólidos e estables dun centro educativo, ten que adaptarse ao momento e ás necesidades, incorporando novos valores e medidas namentres se vai consolidando. Así, o PEC debe ser avaliado polo Consello Escolar, atendendo entre outras cousas aos informes de supervisión e mellora elaborados polos diferentes sectores que compoñen a comunidade educativa do centro, cada catro anos.

### 8.1. DIFUSIÓN

O documento farase público na páxina web do centro.

### 8.2. SEGUIMIENTO

Ao remate de cada curso académico levarase a cabo unha valoración no seo do Consello

Escolar dos aspectos máis salientables recollidos no documento.

### **8.3. AVALIACIÓN**

Avaliáranse os seguintes aspectos relativos ao mesmo:

#### **Sobre a forma do documento:**

- A redacción clara.
- A estruturación e ordenación dos contidos.
- Calquera outro aspecto que se estime oportuno.

#### **Sobre os contidos do documento:**

- Os obxectivos recollidos están claramente formulados.
- Están priorizados.
- Poden estruturarse a varios niveis de consecución.
- Poden ser avaliados.
- Están claramente identificadas as necesidades.
- O modelo educativo proposto esta claramente definido.
- As propostas que se fan son realistas e viables.
- Dan unha resposta axeitada ás necesidades constatadas.
- Son oportunas no momento.
- Calquera outro aspecto que se estime oportuno.

#### **Sobre o grao de funcionalidade**

- Grao de coñecemento que todo o colectivo ten dos contidos do PEC.
- Aceptación do Proxecto pola comunidade, especialmente polo profesorado.
- Compromiso establecido polos diferentes actores co formulado no PEC.
- Posta en práctica das medidas e grao de implantación das mesmas.
- Nivel de adecuación e idoneidade das actuacións.
- Grao de eficacia e de eficiencia das propostas do PEC.

### **8.4. REVISIÓN E MELLORA**

Este documento será modificado ou actualizado sempre que o acorde a maioría absoluta dos membros do Consello Escolar.

Este documento foi aprobado na reunión do Consello Escolar do día 11 de decembro de 2014.